

ESCALETA PROGRAMA RADIO MENDE-SAMAGOSTO-5º

Locutor 1: Bo día e benvidos a un novo programa de RADIO MENDE,

Locutor 2 : Con todos e todas o alumnado de 5º e 6º E.P

Locutor 1: Hoxe imos ter un programa moi especial onde o medo e o misterio vannos acompañar en toda esta emisión (música de medo) O SAMAGOSTO

Locutor 2: Imos celebrar algo único polo que o alumnado de 5º E.P quere facervos unha recompilación das actividades celebradas e as que están por vir no día de hoxe 30 de outubro

Locutor 3: Imos comezar coas actividades que se foron celebrando nas semanas anteriores

Locutor 4 : A primeira foi o día 18, onde o profesorado do Departamento de Lingua Galega e Lingua Castelá, xunto co seu alumnado de 4º ESO fixeron a actividade do “ Día das escritoras”

Locutor 3 : Seguro que disfrutaron de cheo nesa actividade pero a cousa só fixo mellorar

Locutor 5: Estou de acordo porque a semana do 21 o 25 de outubro foi increíble.

Locutor 6 . Vistes a biblioteca? é increíble, nesa semana o equipo de biblioteca fixo un gran traballo decorando a biblioteca

Locutor 5: Si, pero tiveron a estimable axuda do Departamento de Lingua galega e o alumnado de 1º ESO, que colaborou facendo “ colares e zonchos” que agora decoran a entrada á biblioteca

Locutor 6: Achegádevos por alí, porque ademais no día de hoxe, na mesma biblioteca esta o concurso “ canto pesa a Cabaza?”

Locutor 7: Eu veño de adiviñar o seu peso. Estou segura de que acertei!. Xa que son moi bo calculando!

Locutor 8: Imos seguir coas actividades organizadas a semana do 28 o 31. Porque a cousa non deixou de mellorar

Locutor 7: Dismo ou cóntasmo? o luns 28 a profesora María Pinal e o alumnado da ESO de oratoria sorprendeunos a 2º e 3º ciclo con relatos de terror que disfrutamos de cheo, esperamos que o pasarán tan ben coma nos.

Locutor 9: Pero non foi o único do que disfrutamos

Locutor 10 : Moi certo! xa que o Profesor Xulio de Lingua Galega e o alumnado do PDC invítáronnos a disfrutar da “ lenda dos zonchos “ e “ O home do sombreiro”.

Locutor 11 : Si, pero non fomos os únicos que puidemos disfrutalo: xa que o alumnado de primaria e da ESO, de forma voluntaria puido participar en diferentes quendas, durante o luns e o martes

Locutor 10: A min gustoume moito

Locutor 9: A min o que máis me gustou foi ...

Locutor 12: Pero non foi o único que preparou PDC e o profesor Xulio

Locutor 9 : Ah non? Non estaba informado

Locutor 12: E que é para alumnado de 1º e 2º ESO e PDC, que podían acudir voluntariamente á “cea de ánimas”. Estou desexando chegar á ESO para desfrutar desa cea!

Locutor 13: De momento aínda che quedan uns anos así que imos seguir cos concursos

Locutor 12 : Eu participei

Locutor 13. Moi ben ... como vos dicían anteriormente : está o concurso de “ canto pesa a cabaza”

Na ESO teñen o concurso de “ Cal é o Calacú máis feo do mundo”

Locutor 12: E en Primaria o concurso “ o debuxo terrorífico máis creativo”, eu tamén participei

Locutor 13 : Que raro! Podemos seguir?

Locutor 14: Pois si sigamos, porque xa chegamos o día 30. No que se nos invitou a vir disfrazados

Locutor 15: Eu vou vir de ... Sorpresa.. pero por certo de que credes que se disfrazará o profesorado?

Locutor 14: Quen sabe...

Locutor 15: Pois si, continuemos. O mércores 30 a primeira hora as familias volverannos a sorprender vindo as clases de primaria e contándonos contos ao mesmo tempo que haberá un taller de maquillaxe

Locutor14 : E despois diso o alumnado de 2º ESO vainos deleitar cunha actuación musical

Locutor 15 : Estou desexando que chegue o mércores

Locutor 16: Rapazada veño sen folgos, non sabedes o que acabo de escoitar. Non vos imaxinades quen vai vir !! O alumnado de infantil e primaria van a ter unha visita moi especial “ Ven Sabela Gago” , a que non volo esperabades??

Locutor 14 : Encántame Sabela Gago estou seguro de que nos fará desfrutar duns contos moi especiais tanto a infantil como a primaria.

Locutor 16 Coma sempre!

Locutor 14 : Si porque de Sabela podemos dicir que é incrivelmente única

Locutor 16: E para rematar desfrutaremos de xogos populares

Locutor 15: Si , pero tamén degustaremos un xantar moi especial: Formado por un bolo preñado, empanada, bica, unha apócema máxica e un deliciosos chocolate.

Locutor 16: UM que rico!

Locutor 14 : Que ganas de que chegue o mércores

Locutor 16: E agora o alumnado de 5º E.P despídese pero aínda falta a gran sorpresa de 6º de E.P que vanvos facer desfrutar do programa “ Descubrindo o Samaín: orixes e misterios” .

Locutor 14: Vémonos pronto que xa lle collín gusto a isto.